



DATOS IDENTIFICATIVOS

Economía: Principios de economía

Materia	Economía: Principios de economía			
Código	003G080V01103			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Molina Abrales, Antonio			
Profesorado	Molina Abrales, Antonio			
Correo-e	molina@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>- A materia adecúase ao perfil profesional e académico ao contribuír á formación básica do alumno no campo da Economía, presente en numerosos aspectos no ámbito do Dereito. Polo tanto, debido ao seu carácter básico, proxéctase en múltiples campos profesionais do Dereito, mais non cabe dúbida de que terá máis repercusión naqueles campos máis próximos á Economía tales como avogacía especializada no ámbito mercantil, financeiro ou laboral, rexistradores da propiedade, notarios, funcionarios do Ministerio de Economía e Facenda, etc.</p> <p>- A materia ten 6 créditos ECTS e posúe carácter obrigatorio. Cúrsase en 1º de Dereito, no 1º cuadrimestre. Inicia o alumno nos aspectos económicos, xa teñan estes natureza microeconómica ou macroeconómica. Ten claramente unha relación de complementariedade con outras materias deste Grao, como por exemplo: Contabilidade, Dereito Mercantil, Dereito financeiro e Tributario e Dereito Laboral.</p>			

Competencias de titulación

Código	
A1	Coñecer as principais institucións xurídicas
A7	Coñecer as estruturas sociopolíticas do ámbito nacional e internacional
A8	Ser quen de argumentar xuridicamente
A9	Ser quen de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
A11	Ser quen de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
A15	Ser quen de manexar a oratoria xurídica
B1	Capacidade de síntese e análise
B6	Resolver problemas de forma eficaz
B7	Aplicar pensamento crítico, lóxico e creativo
B8	Traballar de forma autónoma con iniciativa

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Capacidade de síntese e análise.	B1
Traballar de forma autónoma con iniciativa.	B8
Resolver problemas de forma eficaz.	B6
Aplicar pensamento crítico, lóxico e creativo.	B7
Coñecer os principios de funcionamento que rexen nunha economía de mercado e comprender o comportamento dos distintos axentes económicos.	A1
Coñecer os principais problemas económicos, tanto desde un punto de vista macroeconómico como microeconómico.	A7
Coñecer as distintas políticas económicas e os seus efectos sobre os sistema económico.	A8

Ser quen de argumentar economicamente.	A8
Ser quen de identificar os principios e conceptos económicos como ferramenta de traballo para desenvolver unha dialéctica económica.	A15
Ser quen de identificar os problemas económicos e abordar a súa solución a través das políticas axeitadas en cada ocasión.	A11
Ser quen de manexar e analizar a información económica, a partires da cal desenvolver unha capacidade de diagnóstico que permita ao alumno "pensar coma un economista".	A9

Contidos

Tema	
Módulo A: Introducción	1. Os dez principios da economía. 2. Pensar como un economista.
Modulo B: Oferta e demanda I: como funcionan os mercados	3. Oferta e demanda: as forzas do mercado. 4. A elasticidade e as súas aplicacións.
Módulo C: Oferta e demanda II: mercados e benestar	5. Os consumidores, os produtores e a eficiencia do mercado. 6. Aplicación: Os custes da tributación. 7. Fallos de mercado e a intervención do Estado.
Módulo D: A conduta do consumidor, da empresa e a organización da industria	8. A elección do consumidor. 9. Os custes de produción. 10. A empresa nos mercados competitivos. 11. A empresa nos mercados non competitivos.
Módulo E: Os datos macroeconómicos e a economía a longo prazo	12. Medición da renda dun país: o PIB. 13. Medición do custe da vida: o IPC. 14. A produción e o crecemento económico. 15. O desemprego.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	35	52.5	87.5
Resolución de problemas e/ou exercicios	10	45	55
Titoría en grupo	2.5	0	2.5
Probos de tipo test	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a coa introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao estudante, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Metodoloxía que lle permite ao alumnado aprender de forma efectiva a través da realización de actividades de carácter práctico tales como exercicios e supostos mediante o uso do aprendido nas leccións maxistras. Os obxectivos desta técnica son: acadar unha maior competencia dos contidos aprendidos na teoría e ilustrar as súas potenciais aplicacións.
Titoría en grupo	Intervención inherente aos procesos de ensinanza-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da cal o alumnado e profesorado interaccionan dun modo ordenado, expoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	- Titorías individuais: Estas titorías terán lugar no despacho 5.4 da Facultade de C.C. Empresariais e Turismo. O alumno disporá de 6 horas semanais, previamente fixadas polo profesor nas que poderá facer consultas relacionadas coa materia. O horario das titorías farase público ao comezo do ano académico. - Titorías vía correo electrónico: O alumno poderá escribir ao correo electrónico: molina@uvigo.es para consultar dúbidas urxentes. - Plataforma de docencia TEMA: O alumno tamén poderá consultar na plataforma TEMA: http://fatic.uvigo.es . Nela están dispoñibles os recursos pedagóxicos da materia e tamén se poden facer chegar as dúbidas que se consideren oportunas.

Resolución de problemas e/ou exercicios - Titorías individuais: Estas titorías terán lugar no despacho 5.4 da Facultade de C.C. Empresariais e Turismo. O alumno disporá de 6 horas semanais, previamente fixadas polo profesor nas que poderá facer consultas relacionadas coa materia. O horario das titorías farase público ao comezo do ano académico. - Titorías vía correo electrónico: O alumno poderá escribir ao correo electrónico: molina@uvigo.es para consultar dúbidas urxentes. - Plataforma de docencia TEMA: O alumno tamén poderá consultar na plataforma TEMA: <http://fatic.uvigo.es>. Nela están dispoñibles os recursos pedagóxicos da materia e tamén se poden facer chegar as dúbidas que se consideren oportunas.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Exame escrito: haberá un exame parcial liberatorio de contido tanto teórico como práctico da primeira metade da materia na semana 9-10 e un exame final que se realizará na data oficial establecida no calendario de exames. Os alumnos que superen o exame parcial só terán que examinarse no exame final da segunda parte do programa. Os alumnos que non superen o exame parcial terán que examinarse de toda a materia no exame final.	60
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividades relacionadas coas prácticas. Poderán consistir en entrega de exercicios resoltos, exposición de exercicios no encerado, controis periódicos, traballos, etc.	40

Outros comentarios sobre a Avaliación

Na 1ª oportunidade, a nota final da materia constará de dous bloques. Por un lado, un exame escrito que valerá ata un 60% da nota (6 puntos) e doutra banda, a avaliación continua que pesará ata un 40% na nota final (4 puntos).

Examen escrito (ata 6 puntos): Haberá un exame parcial liberatorio de contido tanto teórico como práctico da primeira metade da materia na semana 9-10 e un exame final que se realizará na data oficial establecida no calendario de exames. Os alumnos que superen o exame parcial só terán que examinarse no exame final da segunda parte do programa. Os alumnos que non superen o exame parcial terán que examinarse de toda a materia no exame final. A nota obterase como a media aritmética das dúas partes da materia ou, en caso de suspender o exame liberatorio, a nota do exame final.

Avaliación continua (ata 4 puntos): o 40% restante da nota obterase mediante a avaliación continua do alumno, o que pode incluír a exposición de exercicios no encerado, a entrega de follas de exercicios e a nota dos pequenos controis que periodicamente se poidan facer. Se considerará que o estudante se acolle á avaliación continua cando asista como mínimo a un 50% das clases prácticas. En caso contrario, os alumnos deberán realizar un exame escrito de esta parte que consistirá na resolución de problemas ou exercicios na data oficial establecida para o exame final.

Os alumnos que obteñan unha puntuación inferior a 5 puntos na nota global da 1ª oportunidade terán unha segunda oportunidade para superar a materia. Nesta 2ª oportunidade, o alumno deberá realizar un exame final cando suceda algunha das dúas circunstancias ou ambas: a) Cando no exame escrito realizado na 1ª oportunidade a puntuación sexa inferior a 3 puntos dos 6 máximos posibles. Neste caso o estudante deberá realizar un exame teórico-práctico que ponderará un 60% da nota total. b) Cando na parte da avaliación continua da 1ª oportunidade a puntuación sexa inferior a 2 puntos dos 4 máximos posibles ou, no caso de que o alumno non se acolla a este sistema de avaliación, tivera unha puntuación inferior a 2 puntos dos 4 máximos posibles no exame correspondente da 1ª oportunidade. Neste caso o estudante deberá realizar un exame escrito de resolución de problemas ou exercicios con unha ponderación do 40% na nota total.

Na 2ª oportunidade se conservará a nota da parte da materia que o alumno tivera superada na 1ª oportunidade.

NOTA IMPORTANTE: Tanto na 1ª como na 2ª oportunidade, para superar a materia o estudante deberá obter polo menos 2 puntos (sobre un máximo de 6 puntos) no exame escrito.

Bibliografía. Fontes de información

Mankiw, N. G., **Principios de Economía**, McGraw-Hill, 2009,
Samuelson, P. A. e Nordhaus, W. D., **Economía**, 18ª edición, 2006,
Bernanke, B. S. e Frank, R. H., **Principios de Economía**, 3ª edición, 2007,

Observación: O libro "Principios de Economía" de N. G. Mankiw será o manual que lle permitirá ao alumno o estudo en profundidade dos temas e subtemas que aparecen no apartado 5 "contidos".

Recomendacións

Outros comentarios

-É necesario traer o DNI ou documento análogo cando teña lugar a realización dos exames. O incumprimento deste requisito pode ter como consecuencia que o alumno non realice o exame en cuestión.

-Con carácter xeral, será necesario o uso de calculadora nas clases da materia e nos exames.

- Por razóns pedagóxicas é altamente recomendable a asistencia regular a clase (tanto ás clases teóricas como prácticas e tamén ás titorías). Sen dúbida, a asistencia regular ás clases fará que a dificultade de superar a materia sexa notablemente máis baixa. Así, o alumno poderá aproveitarse dun ritmo de traballo continuo e da exposición de contidos teóricos e prácticos feitos na aula polos seus compañeiros e o profesor.

-É moi recomendable o traballo en grupo. En particular, á hora de realizar os exercicios da materia pode ser frutífero intercambiar ideas sobre as dificultades atopadas; esta estratexia permitirá afondar nos coñecementos da materia.
